



Servizos
Públicos

Ensino

Informa-t

MESA SECTORIAL 26/04/2022:

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe centrámonos no Anteproxecto de Decreto polo que se aproba a **oferta de emprego público correspondente a prazas derivadas da Lei 20/2021**, do 28 de decembro.

Comezamos por lamentar as declaracións de onte nas que o Conselleiro anunciaba que no curso 2022-2023 non existirá **concurso-oposición de reposición**. Cremos que o "custo desproporcionado" ó que se alude dos tres procesos non se corresponde coa realidade xa que as prazas ofertadas estaban cubertas anteriormente por persoal interino. Non existe excusa para deixar de convocar as máis de 800 prazas que se derivarán de xubilacións, excedencias... é dicir as prazas de reposición. Pedimos unha rectificación toda vez que a Administración non pode reducir a taxa de temporalidade cunha man e deixar que aumente coa outra. Solicitamos que os dous procesos, tento de estabilización como de reposición, se faga mediante o proceso transitorio.

Pedimos que se nos aclarese por que estas prazas de estabilización, máis de 1200, non se ofertaron en concursos de oposición anteriores. Preguntámonos onde estaban agochadas esas prazas ata agora... Queremos pensar que a partir de agora se faga unha oferta real de prazas de estabilización e de reposición.

A administración inhíbese ante esta petición que considera que tensionaría o sistema. Trasládanos que a súa pretensión é que antes de iniciarse o curso 23/24 todo este proceso de estabilización estea terminado para seguir coas oposicións ordinarias.

O número final de prazas que nos traslada a Consellería serán:

<i>Artigo 3. Cuantificación da oferta de emprego público relativa ás disposicións adicionais sexta e oitava (concurso excepcional) da Lei 20/2021, do 28 de decembro, distribuída por corpos</i>	
Corpo de mestres	333
Corpo de profesores de ensino secundario:(incluíndo as de FP que pasarán a secundaria)	595
Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas	63
Corpo de catedráticos de música e artes escénicas	9
Corpo de profesores de música e artes escénicas	77
Corpo de profesores de artes plásticas e deseño	26
Corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño	8

<i>Artigo 5. Cuantificación da oferta de emprego público relativa ao artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, distribuída por corpos</i>	
Corpo de mestres	17
Corpo de profesores de ensino secundario	88
Corpo profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional	6
Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas	8
Corpo de catedráticos de música e artes escénicas	1
Corpo de profesores de artes plásticas e deseño	5

Insistimos na nosa proposta de que todas as **prazas obxecto do concurso excepcional deben estar dispoñibles no próximo concurso de traslados para o persoal funcionario** actual que debería ter a oportunidade de acceder a elas, xa que leva anos esperando por estas prazas.

Ademáis tratamos sobre a convocatoria do **concurso de méritos específico** para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente. O Sector de Ensino de UGT-SP parte da necesidade dunha mellor dotación permanente de persoal nos centros independentemente da realización deste concurso. Plantexamos, así mesmo, melloras no articulado como a ampliación do número de prazas que se pode pedir. Do mesmo modo, débense ampliar os prazos de solicitude e de renuncias e reclamación. Por outra banda a especificidade das prazas xustifica que se convoquen a dous profesionais AL e PT no canto de establecer prazas con afíns. Con respecto ó baremo, débense valorar publicacións específicas sobre o tema e tamén darlle máis peso á impartición dun curso da especialidade ou a asistencia ó mesmo. A Consellería non ve pertinente mellorar o baremo.

No apartado de varios preguntamos polas datas previstas de **resolución do CADP**. A administración traslada que **ten como obxectivo a publicación definitiva a principios de agosto para todos os corpos co nomeamente correspondente á día 1 de setembro**. Tamén propuxemos a conveniencia de creación de **listas de inspectores accidentais**. Son precisos, sobre todo en Lugo debido ás xubilacións e situacións de baixa que se están a dar. Respóstanos que están convocadas 10 prazas para este concurso-oposición e que se adjudicarán inspectores onde se precisen.

Recibida a solicitude por parte do colectivo de profesorado de aulas hospitalarias para que se recoñeza o seu labor como posto de difícil desempeño, así o manifestamos na mesa. A resposta foi que non tiñan, de momento, intención de revisar esa normativa. Insistimos ademáis nos problemas no rural para establecer **horarios condicionados polo autobús escolar**. Pedimos, por último, máis dotación de persoal polas **necesidades derivadas da chegada do alumnado de Ucraína**.



Servizos
Públicos

Ensino

ATENDÉMOSTE MOI CERCA



A CORUÑA

Avda. Fernández La Torre 27, 3º
15006 A Coruña
Tlf. 981 248 471
ensino.coruna@ugt-sp.ugt.org



FERROL

Rúa do Carme, 43-45, 2º
15402 Ferrol (A Coruña)
Tlf. 981359131
ensino.ferrol@ugt-sp.ugt.org



COMPOSTELA

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º
15707 Santiago (A Coruña)
Tlf. 981573634
ensino.compostela@ugt-sp.ugt.org



PONTEVEDRA

Av. Pasantería 1, 1º
36002 Pontevedra
Tlf. 986858413
ensino.pontevedra@ugt-sp.ugt.org



VIGO

Av. García Barbón 67, 6º
36201 Vigo (Pontevedra)
Tlf. 886132759
ensino.vigo@ugt-sp.ugt.org



OURENSE

A Parque San Lázaro 12, 1º
32003 Ourense
Tlf. 988 23 77 90
ensino.ourense@ugt-sp.ugt.org



AROUSA

Rúa Castelao 22. Baixo
36600 Vilagarcía (Pontevedra)
Tlf. 986 511213
ensino.arousa@ugt-sp.ugt.org



LUGO

Ronda da Muralla 58, 1º
27003 Lugo
Tlf. 982221854
ensino.lugo@ugt-sp.ugt.org